



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Veiga para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazos degradados nos núcleos de Casdenodres e Castromarigo

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello da Veiga un convenio para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazos degradados nos núcleos de Casdenodres e Castromarigo.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar o funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por outra banda, na aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (proxecto 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*) existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia.





3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello da Veiga o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018 .

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Veiga para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazos degradados nos núcleos de Casdenodres e Castromarigo .

5. Fundamentos do convenio

O Concello da Veiga manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Recuperación de espazos degradados nos núcleos de Casdenodres e Castromarigo que ten como obxecto a realización de varias actuacións en ambos núcleos.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopan os núcleos de Casdenores e Castromarigo

No núcleo de Casdenodres o Concello pretende executar varias actuacións urxentes, por una banda, a reparación da única fonte existente xa que actualmente non conta con auga potable supoñendo isto un importante perigo para a saúde das persoas xa que esta fonte esta ao alcance de todos, tamén dos rapaces e rapazas que frecuentan esta praza, ademais da necesidade de contar cun punto de abastecemento que cumpra coa normativa de calidade das augas destinadas ao consumo humano. Por outra banda, neste núcleo, é necesario a renovación do firme que actualmente encontrase moi deteriorado, practicamente intransitable, con grandes fochancas que dificultan o acceso peonil e de vehículos, situación que compre solucionar de xeito inminente polo risco que supón para vehículos e peóns.

No núcleo de Castromarigo contéplanse varias actuacións imprescindibles para garantir una mínima calidade na vida diaria nos veciños. Na entrada do núcleo existe una caldeira de rego en moi mal estado na que hai un buraco de máis dun metro de profundidade o que supón un constante risco de caídas para vehículos e persoas. Tamén deben ser urxentemente reparados as redes de rego e pavimentados os viais deste núcleo, moi afectados polas abundantes neves e choivas dos últimos meses, polo que se fai precisa a entubación da auga e a reparación das vías evitando así o risco de accidentes. Asemade, neste núcleo, proxectase a pavimentación dunha praza xa que na actualidade non conta cun lugar de encontro polo que a humanización do entorno faise inaprazable mediante o arranxo do firme e a dotación de varios xogos e aparatos sinalados na memoria.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola concorrencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas, dado o avanzado do exercicio orzamentario, polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello da Veiga de afrontar en solitario os compromisos económicos que o restablecemento do normal funcionamento dos servizos municipais, mediante a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.





Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelle aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello da Veiga.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Este importe representa o 68,27 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 51.264,65 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

